



O presente documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugar dos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE MUGARDOS. ANUALIDADE 2020

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal laboral temporal de 5 Peóns para o programa de Limpeza de praias anualidade 2020 subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.

2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

A tramitación das bases para a contratación laboral temporal do persoal para o programa de limpeza de praias do concello de Mugar dos. Anualidade 2020, realízase como unha tramitación anticipada de expediente de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a existencia da plena dispoñibilidade dos recursos afectados no orzamento (a aprobación definitiva da concesión da subvención por parte da Deputación de A Coruña). Non se poderá acordar a contratación nin formalizar os contratos ata que se acredite a existencia da plena dispoñibilidade dos recursos afectados no orzamento.

As contratacións realizaranse unha vez concedida definitivamente a subvención da Deputación Provincial da Coruña e terán un carácter laboral temporal de duración determinada, tres (3) meses a partir da sinatura do mesmo. A xornada será de 37,5 horas semanais de luns a domingo cos descansos que establece a lei. A modalidade de contrato será "contrato de traballo temporal por obra ou servizo determinado".

A retribución bruta mensual a percibir será de 1.339,14 euros, correspondente á xornada completa (37,5 horas semanais), por tódolos conceptos salariais, excluídas as percepcións de devengo superior ao mes e os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato.


3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección das persoas candidatas será polo sistema de oposición e entrevista persoal

4.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES

Dada a situación de desemprego existente no noso municipio e a finalidade social que se lle pretende outorgar ás contratacións, para poder tomar parte no proceso selectivo, será preciso que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois



O presente documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugardos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

3. Ter cumpridos 16 anos de idade. E non exceder da idade máxima de xubilación forzosa e día que remate o prazo de presentación de solicitudes.
4. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza.
5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo que se prevé no anexo I
2. O **prazo de presentación** de solicitudes será de **5 días naturais** que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP (Boletín Oficial da Provincia da Coruña) e na páxina web do concello de Mugardos www.concellodemugardos.gal
3. O medio preferente de presentación de solicitudes será a través da sede electrónica do Concello de Mugardos (<https://sede.concellodemugardos.gal/opencms/es/>). Cando a presentación se realice a través da sede electrónica os arquivos que se anexen deberán ser, preferentemente en formato pdf e reducir ao máximo o número de arquivos anexados. A presentación de solicitudes poderá facerse tamén no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos, previa solicitude de cita previa. A dita cita obterase chamando ao teléfono 981470338, ou mediante correo electrónico u a través da sede electrónica do concello na páxina web, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama, telefax ou ao enderezo electrónico: correo@concellodemugardos.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

Documentación a presentar xunto coa solicitude:

1. Fotocopia do DNI

5.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

- a) Rematado o prazo fixado para a presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se fará pública no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.concellodemugardos.gal
- b) Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 2 días naturais, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios e na



O presente documento foi aprobado por Resolución da
Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugardos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por
Resolución do Director Xeral de Administración Local da
Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo
adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm.
489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

páxina web. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador deste proceso selectivo será designado polo Alcalde – Presidente do Concello de Mugardos.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas .

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría terceira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

7.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Na mesma Resolución pola que se aprobe a lista de persoas admitidas e excluídas e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

Os/As aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, excluíndose do proceso selectivo quen non compareza, non sendo os casos debidamente xustificadas, libremente apreciados polo tribunal.

Os/as aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “S”, de conformidade co establecido no Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 10.02.2020) para a OEP 2020. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.



O presente documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugardos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua castelá ou galega, a criterio do/a aspirante. Os exercicios escritos poderán ser lidos publicamente, se así o acordase o tribunal, podendo este dialogar co/coa aspirante co fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto durante un tempo máximo de dez minutos.

O proceso de selección farase mediante oposición e entrevista persoal. A fase de oposición desenvolverase antes da fase da entrevista persoal.

7.1.- PROBA PRÁCTICA: realización dunha ou varias probas de tipo práctico, obxectivas e de carácter manual, a libre elección do Tribunal, entre os cometidos propios do oficio no tempo que determine o tribunal sen que poda exceder de 20 minutos.

Esta proba valorarase ata o máximo de 12 puntos (caso de que se poñan máis de unha proba especificarase a puntuación que se outorgará a cada proba).

7.2.- ENTREVISTA: realizarase unha entrevista persoal que versará sobre as funcións a desempeñar, a experiencia profesional e a súa formación. Valorarase ata un máximo de 3 puntos.

A entrevista persoal **só se realizará entre os/as aspirantes que teñan superado a proba práctica cunha nota igual ou superior a cinco (5) puntos.**

8.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos apartados da cláusula 7ª.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal fará pública o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde de puntuación total final, con especificación desta, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal. Así mesmo, o tribunal elevará esta relación, coa acta de sesión, á Alcaldesa para proceder á formalización dos contratos correspondentes a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (O Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse atendendo ás seguintes circunstancias:

- a) Maior puntuación na proba práctica
- b) Maior puntuación na entrevista

De persistir o empate resolverase polo criterio da orde alfabética por apelido, acudindo a tal efecto ao resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 10.02.2020) para a OEP 2020, isto é, a letra "S".

9.- INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



O presente documento foi aprobado por Resolución da Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugardos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

10.- LISTAS DE RESERVAS

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación elaborárase unha lista de reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións derivadas de baixas, substitucións, etc.

A vixencia da citada lista será a mesma que o período de contratación dos peóns de limpeza de praias que resulte tras o presente proceso selectivo. Se un/unha aspirante renuncia á contratación será borrado da lista.

11.- ALEGACIÓNS

Os/As candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do resultado da selección no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Mugardos, para formular as oportunas alegacións que serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello.


12.- PUBLICIDADE

A publicidade de todos os actos relativos a este procedemento realizarase mediante edictos que se exporán no Taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Mugardos e na páxina web do concello www.concellodemugardos.gal salvo aqueles actos que expresamente se establece nestas bases a súa publicación no BOP.

13.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E DOS SEUS ACTOS

A presente convocatoria e as súas bases poderán recorrerse mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do PACAP.

Mugardos, xuño de 2020



O presente documento foi aprobado por Resolución da
Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugardos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por
Resolución do Director Xeral de Administración Local da
Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo
adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm.
489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSONAL PARA O PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS 2020

I.-Datos do/a solicitante:

Apelidos		
Nome		
DNI		
Enderezo		
Poboación		Código Postal:
Concello		
Teléfono		
Nº S. Social		

II.- Solicita a súa inclusión na convocatoria para a contratación temporal do persoal para o Programa de Limpeza de Praias 2020.

III.- O/A solicitante declara que cumpre cos requisitos recollidos nesta convocatoria.

IV.- Declaro que autorizo ao Concello de Mugardos para a publicación dos meus datos persoais(nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello de Mugardos, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

V.- Documentación que achega: (sinalar cun X o que proceda)

Fotocopia do DNI

Dou o meu consentimento expreso para que os datos persoais, que aparecen na presente solicitude, sexan empregados para poder prestar o servizo solicitado na presente instancia

Sinatura:

Mugardos,..... de de 20.....

Sr. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda de Galicia, 45, 15620 – Mugardos; correo@concellodemugardos.gal

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Mugardos dispón de



O presente documento foi aprobado por Resolución da
Alcaldía nº 523/2020 de data 25.06.2020

Mugardos, 25 de xuño de 2020

O Secretario accidental (nomeamento efectuado por
Resolución do Director Xeral de Administración Local da
Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo
adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm.
489/2020 de 15.06.2020),

Asdo.: Diego Seijo Alonso

*formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios,
sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade*